

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A serea de Mogor

Nunha cova da praia de Mogor, en Marín (Pontevedra), vivía unha serea, pero só se podía ver os días de sol, entre o lusco e o fusco. Era entón cando a serea, que era moi fermosa, subía enriba dun penedo que hai no mar preto da praia, e quedaba alí ata que escurecía. Despois volvía á súa cova.

[Texto remitido por Antonio Iglesias Pena, Pontevedra]

[Ilustración de Noemí López]



BIBLIOGRAFÍA

NOTA:

Esta lenda contounola meu pai (que era de Lourizán, parroquia do concello de Pontevedra máis próxima a Marín) a min e a miña irmá cando éramos uns nenos. Dixo que fora a súa nai quen lla contara a el e tamén lle dixo que lla contaba para que cando tivese fillos nola contase, e que nos avisase que, cando fóramos pais, tamén tiñamos que contarllela aos nosos fillos, e así duns a outros non se perdería a lenda.

A verdade é que rimos moito coa historia e, por suposto, nunca vimos a serea. Pero, aínda que agora xa non existe, lémbrome da cova que había nas rochas desa praia; a miña irmá e máis eu temos entrado nela por se aínda vivía alí a serea.

COMENTARIOS ENVIADOS

Somos do IES Manuel García Barros da Estrada, 2º de ESO A, e gustounos moito a lenda.

Enviado por 2ºA o 28/10/2014 ás 12:15:57